



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Técnicas de Investigación Social		Código	660G01020
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Coruña)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Romaní de Gabriel, MaríaRomaní De Gabriel, María	Correo electrónico	maria.romani@udc.esmaria.romani@udc.es	
Profesorado	Romaní De Gabriel, María	Correo electrónico	maria.romani@udc.es	
Web	<a href="http://www.erlac.es/">http://www.erlac.es/</a>			
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia é a capacitación dos e das estudantes para a realización de investigacións sociais empíricas dentro da área de coñecemento das Relacións Laborais e os Recursos Humanos. Dado o carácter eminentemente práctico da materia, para a que innegablemente tamén se require unha formación teórica de base en torno á metodoloxía e ás técnicas de investigación empregadas nas Ciencias Sociais, esta materia pretende, asemade, orientar aos e ás estudantes na realización da memoria fin de Grao da titulación en Relacións Laborais e Recursos Humanos.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A18	Interpretar datos e indicadores socioeconómicos.
A25	Aplicar as distintas técnicas de avaliación e auditoría sociolaboral.
A26	Aplicar técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social ao ámbito laboral.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información.
B9	Traballo en equipos.
B14	Aprendizaxe autónomo.
B15	Creatividade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
interpretar datos e indicadores socioeconómicos	A18		
Aplicar as distintas técnicas de avaliación e auditoría sociolaboral.	A25		
Aplicar técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social ao ámbito laboral.	A26		
Aplicar os coñecementos á práctica.	A31		
Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.	A35		



Resolución de problemas.		B1	
Capacidade de análise e síntese.		B2	
Capacidade de organización e planificación.		B3	
Capacidade de xestión da información.		B4	
Traballo en equipos.		B9	
Aprendizaxe autónomo.		B14	
Creatividade.		B15	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida			C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. A INVESTIGACIÓN SOCIAL: DEFINICIÓN E CONCEPTOS.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A metodoloxía científica.</li> <li>- Fins e procesos da investigación social.</li> <li>- Aspectos fundamentais.</li> </ul>
TEMA 2. PRINCIPAIS TÉCNICAS DE INVESTIGACIÓN SOCIAL.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pluralidade metodolóxica.</li> <li>- Técnicas cuantitativas: a enquisa o panel e o censo</li> <li>- Técnicas cualitativas: a observación participante, a entrevista, a metodoloxía biográfica, análise de documentos de vida, os grupos de discusión e a observación de documentos pessoais.</li> </ul>
TEMA 3. FONTES DE INFORMACIÓN PARA O ESTUDO DAS RELACIONES LABORAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concepto.</li> <li>- Tipos de fontes e como selecciónalas.</li> <li>- Cómo buscar documentación científica.</li> </ul>
TEMA 4. O PROCESO DE INVESTIGACIÓN: PLANIFICACIÓN DESEÑO E ELABORACIÓN DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aspectos esenciais: etapas.</li> <li>- Tipos de presentacións.</li> <li>- Estrutura dos informes.</li> <li>- Análise de datos</li> <li>- Uso de referencias.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A25 A31 A35 B1 B3 B4 B9 B15 C3 C8	19	42	61
Sesión maxistral	A26 A18 B14 B2 C6	19	14	33
Proba obxectiva	A31 A26 B2 B3 B4 B14 C3 C1	4	48	52
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Obradoiro	Lecturas críticas, comentarios, debates, exposicións e exercicios prácticos que os alumnos deben facer no tempo programado polo profesor e subir no espazo previsto en moodle, seguindo as súas instrucións
Sesión maxistral	Presentación oral complementada co uso de medios audiovisuais ea introdución de algunhas preguntas para os alumnos, a fin de transmitir o coñecemento e facilitar a aprendizaxe.
Proba obxectiva	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Farase para as lecturas críticas, comentarios e traballos tutelados e contidos teóricos, orientando a cada alumno sobre o traballo que ten que facer, cómo facelo e as fontes de información a utilizar. Estableceranse horarios de tutorías para dúbidas ou consultas sobre a materia.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A31 A26 B2 B3 B4 B14 C3 C1	Para os alumnos que realicen a avaliación continua: - Ao longo do cuadrimestre realizaranse probas obxectivas de cada un dos temas, que serán anunciadas a través de Moodle coa suficiente antelación. -A nota final da metodoloxía proba obxectiva obterase sumando a nota de cada unha das probas obxectivas e dividíndoa entre o número de temas da disciplina.  Para os alumnos que non realicen a avaliación continua consultar no punto &quot;Observacións de avaliación&quot; as CARACTERÍSTICAS DA PROBA OBXECTIVA FINAL.	40
Sesión maxistral	A26 A18 B14 B2 C6	Valoración obxectiva do grao de participación activa e positiva dos alumnos ás sesións expositivas a través de diferentes ferramentas propostas pola profesora. Aquel alumno que teña máis de tres (3) faltas sen xustificar non se considerará que está a realizar o seguimento da materia na modalidade de avaliación continua. No caso de que a falta ás sesións sexa xustificada debidamente, valorarase como media asistencia.	10
Obradoiro	A25 A31 A35 B1 B3 B4 B9 B15 C3 C8	Valoración das lecturas críticas, comentarios, discusións dirixidas, exposicións, traballos e participación activa e positiva, que os alumnos deben realizar no tempo establecido (individualmente ou en grupo) e subir a Moodle no tempo e no espazo habilitado, seguindo as instrucións da profesora. Cada un dos exercicios terá unha valoración segundo o criterio que estableza a profesora, que seralles comunicado ós alumnos.	50

### Observacións avaliación



**AVISO IMPORTANTE:** Para o alumnado que realice avaliación continua, a cualificación final será o resultado da suma das cualificacións obtidas en cada unha das metodoloxías (proba obxectiva, obradoiro e sesión maxistral). Se esta suma non alcanza o cinco (5), o alumno estará suspenso na primeira oportunidade e terá que presentarse a unha **PROBA OBXECTIVA FINAL** na segunda oportunidade que constará dunha parte teórica e unha práctica (ver máis abaixo características desta proba).

**ACLARACIÓN IMPORTANTE PARA PODER TER ACCESO Á AVALIACIÓN CONTINUA:** Para poder ter acceso á avaliación continua é requisito indispensable a asistencia ás clases da disciplina, actuando con interruptor para a avaliación a ausencia a máis de tres clases sen xustificación. Para o control de asistencia utilizaranse os medios ó alcance do profesorado e do alumnado. No caso de non conseguilo acceso á avaliación continua, o alumno pasará a realizar a avaliación da disciplina mediante unha **PROBA OBXECTIVA FINAL**, cun peso de 100% da cualificación, coas características sinaladas para esta proba que se detallan máis abaixo. **ALUMNADO CON DISPENSA DE DOCENCIA:** o alumnado que teña a dispensa de docencia concedida deberá elixir unha das dúas opcións expostas a seguir:

**1ª OPCIÓN:** Poderá realizar o seguimento da disciplina como se de avaliación continua se tratase, pero adaptando a porcentaxe do peso de cualificación de cada metodoloxía e o prazo de entrega. Para poder acollerse a este tipo de avaliación, e adaptar os períodos de entrega e a avaliación das distintas probas/metodoloxías, é imprescindible poñerse en contacto coa profesora. A comunicación farase de maneira presencial ou vía mail a maria.romani@udc.es e se non reciben resposta da profesora no prazo de tres días hábiles, deberanse comunicar coa administración do centro para que se poña en contacto coa docente. Esta comunicación deberase realizar dentro dos 10 primeiros días hábiles de inicio do curso ou, en caso de solicitar a dispensa ao longo do curso, o día en que realice o trámite. De non cumprir este requisito, o alumno terá que realizar unha **PROBA OBXECTIVA FINAL**, coas características que se detallan para ela. **2ª OPCIÓN:** Realizar unha **PROBA OBXECTIVA FINAL** por valor do 100% da cualificación, tendo que acadar o 5 para obter o aprobado. En caso de non comunicarse coa docente tal e como se establece no punto anterior, considerarase que o alumno opta pola 2ª opción, é dicir, pola realización dunha **PROBA OBXECTIVA FINAL**, coas características que se detallan para ela. **SEGUNDA OPORTUNIDADE:** Aquel alumnado que non alcanzase o cinco (5) ou que figure como "non presentado" na primeira oportunidade, terá que realizar unha **PROBA OBXECTIVA FINAL** na segunda oportunidade, coas características que se detallan para ela.

**CARACTERÍSTICAS DA PROBA OBXECTIVA FINAL:**

1. Constará dunha parte teórica e outra práctica.
2. A realización da parte teórica realizarase na data e hora sinaladas no calendario oficial de exames. O seu peso será do 50% da cualificación (5 puntos).
3. A realización da parte práctica realizarase na data sinalada no calendario oficial, pero de maneira individual, polo que será imprescindible concerta-la hora coa profesora (enviando un mail a maria.romani@udc.es) para realizala nun horario que faga factible a realización individual desta parte a tódolos alumnos. A profesora exporá unha listaxe en Moodle coa orde de realización e a hora aproximada. O seu peso será do 50% da cualificación (5 puntos).
4. A cualificación final será a suma da parte teórica e da parte práctica e o alumno terá que alcanzar o cinco (5) para superar a disciplina.

**CASOS ESPECÍFICOS:** As adaptacións curriculares para estudantes con discapacidade ou con necesidades educativas específicas serán pautadas pola comisión de docencia do centro, logo de informe do PAT.



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Hernández Sampieri, R. , Fernández Collado, C. Y Baptista Lucio, P. (2010). Metodología de la investigación (5 edición). . Méjico: Mc.Graw Hill.</li> <li>- Gordo López, A. J. y Serrano Pascual, A. (coords.) (2008). Estrategias y prácticas cualitativas de investigación social. Madrid: Pearson Educación.</li> <li>- Sierra Bravo, R. (1994). Técnicas de Investigación Social. Madrid: Paraninfo</li> <li>- Ander Egg, E. (1996). Técnicas de investigación social (19 edición, 1982) . Argentina: Humanitas.</li> <li>- Cea D´Ancona, M. A (1996). Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social. . Madrid: Síntesis.</li> <li>- Cea D´Ancona, M. A. (2012). Fundamentos y aplicaciones en metodología cuantitativa.. Madrid: Síntesis.</li> <li>- Corbetta, P. (2010). Metodología y técnicas de investigación social.. Madrid: Mc.Graw Hill.</li> <li>- García Ferrando, M. , Ibáñez, J. y Alvira, F. (1990). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. . Madrid: Alianza Universidad Textos.</li> <li>- Mateo Rivas, M. J. (1985). Estadística en investigación social. . Madrid: Paraninfo.</li> <li>- Vallés, M. S. (1999). Técnicas cualitativas de investigación social. Madrid: Síntesis.</li> <li>- Ispizua, M. y Lavia, C (2016). La investigación como proceso. Planificación y desarrollo. . Madrid: Dextra</li> </ul> <p>Os dous primeiros libros da listaxe atópanse dispoñibles na BIBLIOTECA VIRTUAL DO CENTRO á que podes acceder coas túas claves no seguinte enlace:: <a href="http://www.erlac.es/es/estudiantes-acceso/">http://www.erlac.es/es/estudiantes-acceso/</a></p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Guerra Frías, M. (2010). Manual de Publicaciones de la American Psychological Association (3ªed.). España: Manual Moderno.</p>

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Socioloxía do Traballo/660G01017

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estatística Descritiva/660G01018

#### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías